

**Ponteareas esixe a
Madrid maior
seguridade na N-120**

Páxina 5

**Valor Etnolóxico para
a Poza do Piñeiro
en Covelo**

Páxina 7

**Mondariz recupera o
seu patrimonio
etnográfico**

Páxina 8

**Arbo ingresa na rede
"Parque sen Fume"
coa A.R. de San Antonio**

Páxina 10

**I Concurso canino
na Cañiza**

Páxina 9

**A Xunta participará
no "Ano Palacios"
no Porriño**

Páxina 15

**Movemento Salceda
renova a súa dirección**

Páxina 16

**Especial Parlamento de
Galicia 2024-2028**

Páxinas 18 e 19



O Corpus 2024 comeza a conta atrás

Páxina 3

Cen árbores máis para a Picaraña

Páxina 5



**No interior,
Suplemento
Especial
40 anos de
A Peneira**



**Tenemos lo que
necesitas**



EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Casos e cousas que deberan preocuparnos

V eñen de celebrarse eleccións autonómicas en Galicia e xa todos vostedes coñecen os resultados. O votantes deste país dixeron que era mellor un malo coñecido que un bo por coñecer e decidiron quedarse co goberno que xa tiñan. Foi un erro? Equivocáronse? Non serei eu que vaia a cualificar os comportamentos dos votantes. Nunha sociedade democrática os cidadáns deben ser libres de elixir aos representantes políticos que entendan que mellor os van servir. Se non é así, en catro anos terán a oportunidade de “cambiar de cabalo”, permítanme a expresión.

Hoxe vou limitarme a facer uns breves comentarios sobre temas diversos, como diversa é a sociedade que vivimos.

Comezarei cun tema que nos pode valer para facer comparacións con cuestión novas que se están dando nesta nosa sociedade.

Estou falando do Palmar de Troya, esa seita católica que ten incluso Papa propio; que canonizou a Franco e ex-comulgou ao rei Emérito Juan Carlos I. Un tal Papa Clemente aproveitase dunha suposta aparición mariana ante 4 raparigas novas e auto proclámase Papa, e segundo afirma, fala con Xesucristo. Os seus fieis, tras un estudado lavado de cerebro, sométense a un réxime de escravitude, ou a calquera outro que lle permitira a salvación das súas almas en tempo record.

Ao tempo de decatarnos de que o Papa Clemente segue coa súa Igrexa, dámonos de fuciños con tertulias organizadas por sacerdotes, neste caso de obediencia vaticana, que, entre outras lindezas, rogan pola morte do Papa Francisco, con comentarios homófobos e vivas a Franco.



Algúns destes sacerdotes claman por poñer unha bomba no Vaticano, afirman que salvando as diferencias, aquí temos unha organización política que nace en resposta, segundo os seus dirixentes, á situación de deterioro que estaba sufrindo España, un país de fortes crenzas relixiosas e que ultimamente se estaban a poñer en tela de xuízo cousas coma a maternidade, a educación en valores morais e relixiosos, en celebrar casamentos, pero pola Igrexa, con forte fanfarria de “preparación para el matrimonio”, e non sei cantas cousas máis. Pero, curiosamente, unha grande parte dos españois consideran que esa limpeza de consciencias debe darse neste país. Aí están os centos de miles de seguidores que teñen e a importante representación no Parlamento do Estado; así como presenza no goberno de moitos concellos e igualmente en varios parlamentos autonómicos.

Igual que aos sacerdotes arriba men-

cionados, gustaríalles unha igrexa particular e outro tipo de Papa porque deste que temos, segundo o seu criterio, non nos podemos fiar. Utilizan bandeiras pre-constitucionais e a Franco non lle teñen boa fe.

Podemos falar agora dun escritor novo e con ideas novas. Chámase Juan Pinilla, é licenciado en Tradución e Interpretación e fixo estudos de Dereito e de Linguas Clásicas. Tamén é destacado bailaor flamenco. Afirmo que se os Borbóns seguen exercendo de “borbóns” os seus ollos verán a 3ª República. Rende homenaxes a traballadores andaluces, admira a Rafael Alberti e a Paco Umbral. Asegura que non lle interesan os títulos máis que para dispoñer dun serio zurrón intelectual. Afirmo que dende que hai subvencións, os artistas deixaron de ser libres para converterse en escravos “tutelados”.

Outro tema de actualidade é o dos horarios dos traballadores da hostalería.

A Vicepresidenta segunda Yolanda Díaz, logo dunha viaxe a EEUU lanzou a proposta de que habería que estudar os horarios de bares e restaurante. Que non é de recibo que estean abertos ata as dúas da mañá. Inmediatamente saíu en tromba a presidenta da C. Madrileña respondéndolle que a vida nocturna madrileña reporta moito diñeiro á cidade e que o que ela pretende é controlar a vida dos madrileños e rematar coas horas de ocio nocturnas.

Obviamente saíron á palestra voces dun e doutro lado do taboleiro. Pola parte dos empresarios estaba claro cal sería a súa resposta sempre que algo lle vaia ao peto, pola parte das organizacións sindicais foron máis prudentes indicando a necesidade dun debate serio neste eido para buscar unha solución que non prexudique a nin-

gunha das dúas partes: empresarios e traballadores.

Hoxe nós queremos traer aquí as declaracións dun traballador que opina sobre a súa saída e as horas traballadas. De entrada xa nos di que a hostalería é un territorio sen lei onde non se respecta ningún tipo de convenio. El pide que se paguen as horas extras e as de nocturnidade. Luís, nome ficticio, permítase a ironía ao dicir que o restaurante onde traballa pecha as 2 da mañá e os fins de semana media hora máis tarde, pero el sae de alí un par de horas despois. Non importa que saia ás 4 da mañá ou máis tarde porque o seu móbil ten instalada unha aplicación que rexistra automaticamente a súa saída ás tres da mañá. Tamén nos di que non se paga o complemento de nocturnidade aos que traballan de noite.

A Vicepresidenta 2ª Yolanda Díaz fala de axustar os irracionais horarios nocturnos na hostalería e pagar mellor aos que traballen a partires das 22 horas. As declaracións da Presidenta madrileña a súa resposta foi: “Fixese vostede se estamos a favor do ocio madrileño que pretendemos reducir o horario dos traballadores para que poidan desfrutar dese ocio que vostede indica”.

Quedan moitas outras cousas de actualidade nas que deberamos fixarnos. Sobre todo naquelas en que a nosa vida e o futuro dos nosos estea en perigo. Podo asegurarlles que nestes momentos existe un montón de temas preocupantes. Non lles vou convidar a reflexionar por máis porque me pasaría do espazo que se me permite neste xornal. Outro día podemos falar doutros temas tamén da actualidade.

Como dicían os humoristas Tip e Coll: “el próximo día hablaremos del gobierno”

Servizos técnicos forestais
e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvpontearreas.es

☎ 886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

O Corpus Christi 2024 xa ten o seu cartel

Un deseño do ponteareán Sergio de Arcos

O Concello presentou este 7 de marzo o cartel que anuncia a celebración do Corpus Christi para este ano 2024. Trátase dun deseño do ponteareán Sergio de Arcos no que pon en valor o traballo de debullar a flor así como a unión da veciñanza para confeccionar as famosas alfombras da vila. A proposta é a gañadora do concurso que celebrou a administración local.

No evento no que se presentou o cartel participaron a alcaldesa, Nava Castro, o tenente de alcaldesa, Juan Carlos González e o delegado da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera. Ademais, acudiron ao acto alfombristas da vila que durante a noite do sábado 1 de xuño confeccionarán os tapices



Sergio de Arcos, autor do cartel de Corpus 2024.

florais que engalanan as rúas do municipio.

O goberno municipal lembrou que coa presentación do cartel que anuncia a celebración do Corpus Christi comeza a conta atrás

para que a festividade declarada de Festa de interese Turístico Internacional e que ten o expediente incoado de Ben de Interese Cultural chegue á vila durante o sábado 1 e domingo 2 de xuño.

57.000€ para a reconstrución da Ponte de Fontenla



O Concello informa de que as obras de reconstrución da Ponte que se sitúa na parroquia de Fontenla avanza a bo ritmo. Este elemento patrimonial atópase inutilizado desde o mes de decembro do 2022, cando a vila rexistrou unhas fortes riadas, polo que o actual goberno municipal marcou como unha prioridade as tarefas para a súa re-

cuperación e mantemento.

A actuación conta cun orzamento de 57.000 euros, financiados mediante un convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra. O tenente da alcaldesa e edil de Vías e Obras, Juan Carlos González, apunta que "se trata de apostar polo rural da vila e de ofrecerlle os servizos que necesitan recuperando este elemento patrimonial".

Un faladoiro de homenaxe para este 8M

O Concello conmemorou o Día Internacional da Muller coa homenaxe a dez veciñas través da celebración dun faladoiro e a lectura de manifesto a favor da igualdade.

Moderado pola concelleira de Igualdade, Raquel Plana, participaron cinco mulleres que se dedi-

can a profesións tradicionalmente masculinizadas: Patricia Fernández, xefa da Policía Local; Silvia Rodríguez, axente da Garda Civil da comandancia de Tui; Rosa Fernández, taxista e Sandra Martínez, condutora de camiión así como Iria Corlega, árbitro. O Concello tamén recoñeceu o labor de dez

mulleres: Rita Luaña, Rosa Lago, Berta Mosquera, Dolores Candeira, Carmen Álvarez, Maruja Martínez, Olga Candeira, Maruja Bautista, María Rodríguez e Alicia Bouza. Todas elas destacaron polo seu traballo no eido empresarial, enfermería, odontoloxía, farmacoloxía e repostería, respectivamente.

Remozado do parque infantil da Perillana

O Concello de Ponteareas ven de acometer as obras de mellora e de acondicionamento no espazo in-

fantil do parque da Perillana. Procedeuse á posta a punto dos elementos de xogo, tarefas de mantemento e ao cambio do chan.

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE
Reveriano Soutullo, 1 - Tlf. :986 640 243
Ponteareas

Moda - Decoración
Complementos
ROMERO
desde 1890
Constitución, 3 - PONTEAREAS
☎ 986 640 008

CRISTALERIA
CONDADO S.L.
Derivados do Vidro
AVDA. DE CASTELAO, 9
38860 PONTEAREAS
(Pontevedra)
Tlf.: 986 66 16 42
crista@cristaleriacondado.com

Otero
Peluqueros
Santa Ana, n.º 27
Ponteareas
Cidadeiros: 986 661 328
Señoras: 986 660 411

acero plus
imprensa digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB
☎ 986 66 03 61
☎ 604 08 43 68
Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

ALONG GROUP
- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.
Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (38860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 896 135 341 / 695 190 794
info@gruposalong.com www.gruposalong.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O PP reivindica o seu labor urbanística e de emprego

En sendos actos sectorais, a Alcaldesa Nava Castro recibiu en Ponteareas ás concelleiras de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez, e de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, para falar da xestión do PP ponteareán en materia urbanística e de emprego.

A concelleira de Urbanismo Silvia Fernández citou a fontes do Ministerio de Facenda para anunciar que “o actual goberno do PP traballou a contra reloxo para que os veciños e as veciñas da vila non perderan 2 millóns de euros da subvención EDUSI que o anterior executivo liderado polo BNG comprometera”. Tamén lembrou que o PP cumpriu cunha demanda histórica ao iniciar a redacción do Plan Parcial de A Lomba.

Pola súa banda, Ánxeles Váz-



quez felicitou o traballo do goberno local ao conseguir que Ponteareas sexa o primeiro municipio dos 33 concellos de Galicia que sacaron líneas de axudas ARI “áreas de rehabilitación integral” para a rehabilitación da zona vella de Ponteareas.

En materia de emprego, a can-

didata pola provincia de Pontevedra, Raquel Plana destacou en presenza da concelleira Elena Rivo, da Alcaldesa Nava Castro e da edil Fernández o investimento dun millón de euros que realizou a Xunta de Galicia na vila co obxectivo de aumentar o grao de inserción laboral.

O Concello impulsa a Estratexia Ponteareas 2030

Esta iniciativa orientada a mellorar a vida da veciñanza desde unha perspectiva social, cultural, económica e ambiental posibilitará á administración local captar fondos europeos de recente creación e avanzar na

consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), aprobados pola ONU.

Seguindo as metodoloxías establecidas pola Axenda 2030 Local e a Axenda Urbana Española, a estratexia posibilitará avances en

saneamento, enerxía non contaminante, industria e innovación ou unha produción e consumo responsables. O goberno local ao pleno unha declaración institucional co obxectivo de amosar o apoio a este instrumento estratéxico.

Césped artificial para o campo do Sporting Club San Mateo



O Concello dá resposta a unha demanda histórica ao dotar dun campo de céspede sintético ao Sporting Club San Mateo, referente no deporte feminino durante tres décadas.

Na actuación colabora a Real Federación Galega de Fútbol que se encargará de realizar a

obra. Na firma do convenio participaron a alcaldesa, Nava Castro, o tenente da alcaldesa, Juan Carlos González e o edil de Deportes, Luís Rodríguez así como Rafael Louzán e Fernando Iglesias, presidente e vicepresidente da RFGF respectivamente, xunto co presidente do Club, Juan Castro.

Curso de monitor de tempo libre

O Concello informa que xa está aberto o prazo para anotarse no curso de monitor e monitora de actividades de tempo libre. As inscricións están abertas ata o 11 de marzo.

As persoas participantes deben ser maiores de idade no día que comeza o curso e estar en posesión do título da ESO. O

horario lectivo será de 09:00 horas a 14:00 horas e de 15:30 a 20:30 horas os días 25, 26, 27, 28, 29 e 30 de marzo; 13, 14, 20, 21, 27 e 28 de abril e 4, 11, 12, 17, 18, 19, 25 e 26 de maio. Ademais, das 200 horas teóricas o curso conta con 150 horas de prácticas que o alumnado poderá realizar nun tempo máximo de dous anos.

Colexio Pluriligüe LA INMACULADA

Dende 1905 en Ponteareas

Premio 2017 á Excelencia Educativa

Aula matinal de 7:30 a 9:00
Comedor escolar
Actividades Extraescolares

Teléfono 986 640 065
www.colexioinmaculada.com

PROGRAMA ERASMUS PARA O PROFESORADO
INTERCAMBIOS ERASMUS+ PARA O ALUMNADO

Erasmus+

PONTEAREAS

O Goberno municipal pide mellorar a seguridade viaria na N-120

Alcaldesa Nava Castro agradeceu ao subdelegado do Goberno en Pontevedra, Abel Losada, a visita que realizou á Nacional 120 ao seu paso por Ponteareas para comprobar a instalación dun semáforo de peóns. Con todo, a administración local lémbra-lle a necesidade de que o Ministerio de Transportes e Mobilidade cumpra coas súas responsabilidades e acometa a obra completa de mellora da seguridade viaria da estrada.

Durante a visita a concelleira de Urbanismo, Silvia Fernández e a alcaldesa indicaron as principais alegacións que se presenta de



forma consensuada coa veciñanza ao proxecto de mellora de seguridade viaria da N-120 do Goberno central e lle fixeron entrega dun

documento no que se recolle varias peticións para actuar na estrada ao seu paso pola parroquia de Arcos.

O PSOE apoiará as alegacións da Plataforma N120

O secretario xeral do PSdeG de Ponteareas Delfín Domínguez e os concelleiros Vanesa Fernández e Rubén Pérez reuníronse coa directiva da plataforma da N120 para coñecer e compartir de primeira man as alegacións que se presentarán a través dos departamentos técnicos do Concello, tal é como se fixo co goberno municipal anterior, para mellorar

e corrixir algunhas cuestións menores, así como a posibilidade de modificar lixeiramente a localización da rotonda de San Blas para poder salvar a única casa habitada que este proxecto ten afectada. Comparten así as demandas das veciñas e veciños para evitar demoras innecesarias co obxectivo de acelerar a reforma da N-120 ó seu paso por Ponteareas.

Unidades de desbroce e de mantemento municipal

No último pleno municipal de febreiro o goberno municipal levou a modificación da Relación de Postos de Traballo que permitirá crear unha unidade propia de desbroces con actividade durante todo ano sen necesidade de depender de empresas externas e unha brigada de intervención rápida para o mantemento dos colexios públicos e edificios municipais.

Tamén crearanse catro postos de persoal de emerxencias para a unidade de extinción de incendios para dar cumprimento

ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a FEGAMP.

Outras medidas aprobadas foron o inicio dos trámites necesarios ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social para que autorice a cotización especial para a aplicación do coeficiente reductor de xubilación no persoal de emerxencias, cun investimento municipal de 34.000€ e a aprobación do paso definitivo para que a Consellería de Sanidade comece as obras do novo centro de saúde na vila.

Entran en vigor as bonificacións do IBI e ICIO

O Concello informou que xa están en vigor as ordenanzas municipais que permiten bonificar nun 95% o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) e o Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO). Desta redución beneficiaranse propietarios de vivendas así como organiza-

cións culturais sociais e deportivas.

No caso do IBI beneficiáanse os centros culturais non municipais e as persoas propietarias que poñan a disposición os seus portais para levar a cabo as tarefas que require a festividade do Corpus Christi. En canto ao ICIO, a redución beneficiará á veciñanza que

posúa propiedades con máis de 75 anos de antigüidade e ás persoas que contén con propiedades localizadas nas zonas pertencentes á Área de Rehabilitación Integral. Tamén se deduce un 95% as obras que se leven a cabo nas instalacións que forman parte de colectivos sociais culturais e deportivos.

Cen árbores máis para a Picaraña

O pasado mércores 50 alumnos do colexio La Inmaculada fixeron unha plantación de frondosas no monte comunal de Ponteareas. Carballos, cerdeiras e castiñeiros foron as especies escollidas. O proxecto está enmarcado dentro das actividades do programa "Voz Natura". Os nenos e nenas estiveron acompañados por dous operarios do concello, polas profesoras e por varios pais e nais que subiron a axudar.



Escola de Nais e Pais no IES Val de Tea

Baixo o título "Intelixencia emocional: Navegar sen naufragar no mar das emocións dos adolescentes", a Escola de Nais e Pais do IES Val de Tea arrinca este 12 de marzo cunha primeira sesión aberta a toda a comunidade educativa con fillas e fillos en

secundaria.

O obxectivo é achegar ás familias recursos para mellorar a relación materno/paterno filial e ferramentas para afrontar e solucionar dun xeito máis efectivo as inquedanzas e problemáticas actuais na adolescencia é o obxectivo.

www.novasdoeixoatlantico.com

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Marítimo, 2. 986 663 379 - 686 571 679. Ponteareas
Vilanova, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Caíza



globaltea
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

CONDADO/PARADANTA

Escape Room sobre María Agustina Sarmiento

Máis de medio milleiro de persoas coñecen a historia da ponteareá María Agustina Sarmiento, unha das meninas retratadas por Diego Velázquez, grazas ao Escape Room que organiza o Concello entre o 2 e 23 de marzo no Convento de Canedo.

Na presentación participaron a Alcaldesa, Nava Castro e o Padre José Manuel Pombo, quen repasou a historia do Convento de Canedo e a súa importancia na comarca. Tamén estiveron presentes o edil de Ensino, Ricardo González, o Padre José Manuel



Pombo, de Conventos Franciscanos e o xerente da empresa que configurou o circuío Fernando Car-

ballo así como o historiador e traballador da Biblioteca Municipal, Gonzalo Fernández.

O GDR homenaxea o talento emprendedor de catro mulleres

Con motivo do 8M a GDR Condado Paradanta reivindicou o importante papel da muller no mundo rural dentro da estratexia de desenvolvemento "Reverdecendo Condado Paradanta".

Así foi recoñecido o labor da eslovaca Jana Kadlecova, propietaria da axencia de viaxes Bodega Travel, dun punto de atención turístico, Visit Condado, do co-working ApartOffice e a xestión dun apartamento turístico en Ponteareas; Lorena Durán, quen rexenta unha casa rural, A Cantaruxa Maruxa, en Vilasobroso; Dolores



"Loli" Rodríguez co Hostal O Cendal en As Neves; e Inma Comesaña

co seu negocio de cabañas na Devesa de Crecente.

Curso de operario de almacén e picking en Covelo

O Concello de Covelo informa que amplía o prazo de inscrición do curso de operaria/o de almacén e picking ata o día 15 de marzo. Enmarcado dentro do Programa Municipal de Formación para o 2024 e deseñado pola concellaría de Emprego e Formación este curso terá unha duración total de 40 horas lecti-

vas. Os cursos deste programa deseñanse dun xeito participativo tendo en conta a demanda da veciñanza e co asesoramento de empresas de formación e inserción laboral.

Para facilitar os desprazamentos e que as persoas poidan mellorar o seu CV e formación dentro do seu propio Concello o curso im-

partirase na sala polivalente do edificio municipal de usos múltiples. Este novo curso terá lugar os días 20, 21, 22, 25, 26 e 27 de marzo e os días 1 e 2 de abril en horario de mañá de 9 a 14 horas. O Concello aplicará o prezo establecido na ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de actividades formativas.

Valentina Muíños Valdés, nova centenaria do Covelo

Valentina Muíños Valdés cumpríu o pasado 2 de marzo os seus 100 anos. Natural da parroquia de Barcia de Mera, foi coñecida como a "Valentina do Romualdo", herdanza de seu pai Francisco. Menor de cinco irmáns, emigrou cun deles a Calatayud para traballar no campo. Quedou viúva aos 50 anos, sacou adiante aos seus cinco fillos e coidou de seus pais que finaron con 88 anos. O Alcalde Pablo Castillo e as concelleiras, Lourdes Enes e María Valiñas quixeron achegarse a felicitala e darlle un agasallo



comprobando, unha vez máis, que as súas ganas de sorrir e saír adiante seguen a ser as mesmas.

A Comunidade de Montes de Maceira pon en valor o Val de Tielas

Case mil hectáreas de patrimonio natural e unha masa social de cen comuneiros son os dous eixos vertebradores da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Maceira (CMVMC) de Covelo. Asociada ao GDR Condado Paradanta (Grupo de Desenvolvemento Rural) a entidade comeza xa a preparar o seu territorio para que na primavera toda a veciñanza e turistas poidan gozar dos beneficios do seu medio natural.

Da man do GDR Condado Paradanta e con fondos LEADER ofrecen un miradoiro con vistas espectaculares en calquera data do ano.

Na axenda do presidente da CMVMC de Maceira está marcado como prioritario reactivar a produción das oliveiras (sementadas



no marco dun proxecto que obtivo o apoio do GDR) e deseñar unha área de parque infantil verde de alto atractivo turístico, na que as cativas e cativos atopan un lugar que esperte a súa creatividade e curiosidade en contacto coa natureza. Tamén estuda recuperar a incorporación de especies animais que axuden a manter o monte limpo e poidan xerar postos de emprego.

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alugueres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

viveiros canedo

CENTRO DE XARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120
Km. 645,5
Ponteareas - Pontevedra

Tel. 986 669 960
info@viveiroscanedo.com
www.viveiroscanedo.com

ZOE

LENERIA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/Amado Garra, 11, Ponteareas - TSM 92247

Lugar de Valor Etnolóxico para a Poza do Piñeiro

O Concello de Covelo solicita á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a catalogación do conxunto formado pola Poza do Piñeiro, a Cruz da Porteliña e a Choza da Poza como Lugar de Valor Etnolóxico, construído en 1851.

O Concello propón a inclusión do conxunto etnográfico da Poza do Piñeiro no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia apelando á Lei 5/2006 que fai referencia á



protección do patrimonio etnográfico e histórico-cultural relacionado e ao art. 26 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia.

Día Mundial das Enfermidades Raras

Con motivo do Día Mundial das Enfermidades Raras o Concello de Covelo vestíuse de cor verde en apoio ás persoas que as padecen. Na noite do 28 para o 29 de febreiro a fachada do edificio do Concello iluminouse de verde para visibilizar este tipo de doenzas.

O Concello tende a man a FE-



GEREC (Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas) para amosar a súa solidariedade con estas persoas. A Federación ten puntos de atención nas catro provincias nas que traballa para contribuír ao coñecemento das enfermidades raras, a súa prevención, tratamento e o coidado das persoas que as padecen en Galicia.

Contratación laboral dentro do plan Máis Provincia

O Concello de Covelo contratará a 14 persoas con cargo ao plan Máis Provincia 2024 da Deputación de Pontevedra que darán apoio nas tarefas de conservación e funcionamento de bens e servizos públicos municipais en áreas como limpeza, forestal, condución de camiões de reco-

llida de lixo, carpintería e auxiliar de administración.

O Concello e a Deputación investirán un total de 119.338,46€ nestas catorce contratacións aportando a entidade local 8.323,40€ e 111.015,06€ o organismo provincial.

Plan de Formación 2024

A concelleira de Formación e Emprego, Lourdes Enes, informou da apertura do prazo para inscribirse nos primeiros cursos de formación do VIII Programa Municipal de Formación 2024 Concello de Covelo para mellorar a inserción laboral.

Ofértanse cursos en “inglés xeral, comercio e turismo”, almacén e picking e un módulo de igualdade de xénero dentro do compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Humanización da praza da Ermida



O alcalde de Covelo, Pablo Castillo, informou do comezo das obras de humanización da praza da Ermida, ao abeiro do plan Hurbe da Xunta. As obras terán un custo de 152.199,46€ dos que a Xunta financia o 70 % e o Concello asume o 30 % restante cun prazo de execución de catro meses.

O obxectivo mellorar a accesibilidade e humanizar a praza e o camiño da Ermida, na parroquia de Santiago de Covelo, rediseñando a rede viaria, renovando a pavimentación da praza e do Camiño ao Pazo da Cruz, instalación de novo mobiliario e mellora dos accesos rodados, suavizar pendentes peonís e procurar percorridos adaptados.

Laura Porto, finalista nos Premios de Teatro María Casares



A dramaturga covelense Laura Porto resultou finalista dos XXVII Premios de Teatro María Casares na categoría de Mellor Texto Orixinal por A Nai, un espectáculo de AmorodioTeatro que fala sobre a historia de tres irmás de Ribadavia:

Lola, Amparo e Julia Touza, que axudaron a persoas que fuxían do nazismo durante a II Guerra Mundial. Os premios se entregarán o 21 de marzo no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. O alcalde do Covelo felicitou a Laura Porto por esta nominación.

ZAPATERÍA
Ángeles Castro
Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

El Escondite de Montse
Plaza Mayor, 7 Bajo - Tel: 673280118 - PONTEAREAS
SIGUE EN Facebook EL ESCONDITE DE MONTSE

Copas
Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos
Avda. Galicia
Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

Mondariz recupera o seu patrimonio etnográfico

O goberno municipal de Mondariz vén de concluír os traballos de restauración de dúas importantes pezas do seu patrimonio cultural: a Cruz da Igrexa, construída en 1956; e o Cruceiro da Praza Domingo Blanco Lage, tamén de mediados do século XX. Ambos bens foran derrubados como consecuencia de actos vandálicos durante as festas de verán dos anos 2023 e 2022, respectivamente.



Os traballos de rehabilitación foron dirixidos polo mestre caniteiro Manuel Sestelo que contou co apoio dun restaurador e dun arqueólogo. Durante o desenvolvemento destes traballos foron restauradas todas as pezas orixinais, e unicamente se recorreu á reintegración puntual con morteiro de cal da mesma cor que a pedra en lugares puntuais nos que os danos causados ao granito eran irrecuperables.

Denuncian mal estado das árbores da Praza de España

Un estudo realizado pola Estación Fitopatolóxica de Areeiro da Deputación de Pontevedra informou do mal estado dalgúns dos tíleiros da praza de España de Mondariz. A empresa contratada realizou varias talas e podas.



A alcaldesa en funcións, Elena Naveira, informou que estase a

ter en conta e avaliando in situ visualmente con técnica VTA, re-

coñecida a nivel internacional, outras posibles actuacións pertinentes en todos os exemplares e valorando a eliminación de ramas completas, partes importantes das ramas ou incluso do exemplar completo se se valorase que existe un risco real de fallo estrutural total. Tamén adóptanse medidas profilácticas e tratamento funxicida.

“Concilia Semana Santa”

O Concello de Mondariz organiza a iniciativa “Concilia Semana Santa” para ofrecer actividades creativas de balde que contribúan a xerar un tempo de lecer de calidade e dar apoio ás familias en períodos non lectivos.

“Concilia Semana Santa” desenvolverase os días 25, 26 e 27 de marzo e o día 1 de abril na biblioteca municipal. O Con-

cello valora a posibilidade de ampliar o horario con servizo de garda de existir demanda xustificada para cativos de entre 3 e 12 anos, ambos incluídos, empadroados en Mondariz. Esta actividade desenvolverase a través do programa Corresponsables da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e conta co apoio do Ministerio de Igualdade do Goberno do Estado.

Eliminación de especies invasoras no río Tea

No marco do Proxecto Fluviatilis, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA realizou os días 1 e 2 de marzo unha nova actividade de voluntariado para a eliminación de especies exóticas invasoras no río Tea, ao seu paso polo concello de Mondariz.

O LIC Río Tea é, en concreto, unha das áreas de actuación propostas por ADEGA para levar a cabo estas accións a través das xornadas de voluntariado. Alí continuarase cos traballos de eliminación das especies *Acacia dealbata*, *Acacia melanoxylon*, *Phyllostachys* spp., *Phytolacca Americana*, *Robinia pseudoacacia*

e *Crocsmia x crocosmiiflora* nunha zona de alto valor ecolóxico. A actividade tamén estará dirixida á selección de metodoloxías de eliminación de EEI adecuadas que permitan abordar con éxito as futuras actuacións de restauración dos ríos e a implantación de solucións baseadas na natureza.

O proxecto conta co apoio da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Pauta MOTOR
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS

Blona
de hueso

COMERCUCES Nº8 - MONDARIZ - T: 936 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA

the best beer

Yago's

english pub

Mondariz- Balneario

Café Chocolat

Mondariz Balneario

A Cañiza, presente na Comisión de Políticas Integrais de Discapacidade

A sede da FEMP en Madrid asistiu á constitución da Comisión de Políticas Integrais de Discapacidade, na que estivo presente o Alcalde da Cañiza, Luis Piña, xunto a outros 24 ediles españois. Acordouse a elaboración do Plan de traballo a seguir para os vindeiros tres anos e a confección do calendario de reunións e acordos a celebrar.

Entre as prioridades destacan as políticas locais que promovan, protexan e aseguren a garantía dos dereitos das persoas con discapacidade e difundir entre os gobernos locais o texto da



Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, a participación no seu comité de seguemento ou a difusión das súas propostas e informes.

Novo tractor cortacésped para o campo de fútbol do Vieiro

O alcalde da Cañiza, Luis Piña, deu conta da adquisición dunha máquina cortacésped para o veterano campo de fútbol do Vieiro, que supuxo un investimento de 5.390 € con cargo ás axudas da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023 da Deputación de Pontevedra.

Trátase dun tractor cortacésped marca OLEO MAC, modelo OM/106/22h, con descarga traseira, 656 cm³ de cilindrada, recollida con cestón cunha capacidade de ata 320 litros e sistema mulching de descarga lateral.

A nova máquina de propulsión hidrostática, alcanza unha velocidade de entre 0 a 9,0 km/h marcha adiante e de 0 a 4,5 Km/h marcha atrás; leva incor-



poradas 2 coitelas cun ancho de corte de 102 cm e unha altura de 30-95 mm, con 7 posicións. Ademais ten un radio de xiro de 40 cm e unhas dimensións totais de

242 x 106 x 116 cm.

A empresa adxudicataria do procedemento de contratación foi a cañicense Comercial Castillo Lorenzo C.B.

www.novasdoeixoatlantico.com

I Concurso de Mondioring Canino



A Asociación Deportiva Canina ÉCAN organizou por primeira vez na Cañiza o I Concurso de Mondioring Écan, nas instalacións do campo municipal do Couto, unha proba de mondioring, enmarcada no calendario da Real Sociedad Canina de España como una proba

clasificatoria para a Copa de España de mondioring RSCE 2024.

Participaron competidores de Galicia, Madrid, País Vasco e un xuíz internacional de Portugal. O mondioring está considerado o deporte canino máis esixente dos que pertencen a FCI (Federación Cinológica Internacional).


Concellos Galegos en feminino

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e os 313 Concellos galegos, entre eles o Concello da Cañiza, sumáronse ao compromiso coa igualdade de xénero conmemorativo do Día Internacional da Muller este 8 de marzo a través da campaña #concellosgalegosenfeminino.

O obxectivo é avanzar na re-

presentación paritaria de homes e mulleres nas Corporacións locais. Segundo a FEGAMP, nos últimos 20 anos de 18 Alcaldesas en 2003 pasou a 71 Alcaldesas en 2023, un 22% dos Concellos galegos. No caso das concelleiras a porcentaxe ascendeu ao 40% e nas Deputacións provinciais ao 36%. Non obstante as catro Deputacións teñen a homes na presidencia.

MARTIRENA



Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc



CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN SOLIDARIA
■ FOGAR DO LIBRO USADO
■ OBRADOIROS
■ RECITAIS
■ TERTULIAS
■ PRESENTACIÓN DE LIBROS
Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

ELECTRICIDAD
BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior
bouza@electricidadbouza.com
Rosalia de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

"Da túa man" instalará sistema de reciclaxe anticontaminante en Mondariz

No marco da campaña 'Da túa Man' da Deputación de Pontevedra, o Concello de Mondariz súmase á economía circular e instalará un sistema de reciclaxe integrada para a recollida selectiva de pequenos residuos específicos e altamente contaminantes.

A Alcaldesa en funcións Elena Naveira analizou o punto de ubicación xunto ao equipo técnico do proxecto acordando colocalo onde os actuais contedores soterrados de recollida de lixo da contorna da praza para que sexa de doada identificación e evitar maiores desprazamentos á veciñanza.



Ademais, o goberno local, na súa aposta por visibilizar e modernizar o tecido comercial da vila, adianta que colocará un tótem no centro urbano. Un expositor dixital que permitirá difundir

o comercio local, lugares de interese, eventos e as potencialidades do Concello. O tótem disporá tamén de entradas de usb para a carga de dispositivos electrónicos.

Arbo, pioneiro no Condado en ingresar na rede "Parque sen Fume"

O Concello de Arbo adhírese á iniciativa "Parque sen Fume", declarando a Área Recreativa de San Antonio como o primeiro espazo verde libre de fume na Vila. Segundo o Alcalde, Horacio Gil, destacou que "será o primeiro parque de Arbo, que pase a formar parte da rede galega de parques sen fume e que Arbo e o primer Concello da Comarca Paradanta".

Con 3.000 m², a Área Recreativa de San Antonio está situado no barrio da Estación, nun lateral asollado e con zonas de sombra na estrada PO-405, que une Arbo co municipio portugués de Melgaço,



cruzando sobre o río Miño. Ademais dos espazos de lecer conta tamén cunha zona biosaudable con re-

cente equipamento deportivo, un estanque con patos e a Capela de San Antonio.

Protección Civil Oitavén-Tea, recoñecida polo Rally Sur do Condado

O goberno de Covelo, a través do seu alcalde Pablo Castillo, achegou as súas felicitacións á agrupación Protección Civil Oitavén-Tea que recibiu un recoñecemento da organización do Rally Sur do Condado en canto á seguridade nos tramos que pasan polos Concellos de Covelo e Mondariz.

A presidenta da agrupación Oitavén-Tea, Mónica Oliveira, recibiu o galardón das mans da Concelleira de Igualdade de Covelo, María Valiñas. Organizada pola Escudería Surco, a gala ten como obxectivo pór en valor a aportación e colaboración de entidades, deportistas, empresas, institucións, persoas e colectivos que contribúen no bo desenvolvemento do Rally Sur do Condado que cumpre xa vinte edicións.



Covelo solicita á Xunta o deseño da súa bandeira

O Concello de Covelo inicia o procedemento para solicitar á Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia a elaboración de propostas para a súa bandeira. Así o aprobou o pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de onte venres 8 de marzo. O escudo do Concello foi aprobado polo Decreto 1.072/76 do Ministerio da Gobernación, de 9 de abril de 1976

Amparados no artigo 258 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia que reconece o dereito dos Concellos e entidades

locais de Galicia a ter unha bandeira, o Concello de Covelo dá os primeiros pasos para ter a súa propia, unha proposta do grupo de goberno que obtivo o apoio de todos os grupos da Corporación. Recibida a proposta da Comisión Heráldica da Xunta de Galicia debe aprobarse por maioría absoluta do pleno da entidade local. Este acordo terá un prazo de información pública e volverase a someter a aprobación plenaria. A continuación a Comisión emitirá un informe no prazo de tres meses que será vinculante.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tíños: 986 660 896 - 604 047 703

**Saturnino Montero
IMPRENTA**
TIPOGRAFIA • OFFSET
IMPRESION DIGITAL
C/ Virgen de los Remedios, N.º 12
36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
imprentamontero@gmail.com

TARJETAS DE VISITA
Y CARTELERIA
A TODO COLOR
TALONARIOS • RIFAS
CARTAS • SOBRES
CARPETAS • PUBLICIDAD
ROTULACIÓN EN VÍNELO
SELLOS DE CAUCHO
FOTOCOPIAS B/N Y COLOR
DISEÑO GRAFICO

Teléfono: 986 640 097
Móvil: 610 024 525

milfollas
LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
milfollas@mundo-r.com

O galego na sua forma, com Bernardino Crego Cervantes

Bernardino Crego Cervantes é presidente do Centro Português de Vigo, onde neste local só se fala galego ou português. É apaixonado por leituras, a cada dia descobre novos livros para fortalecer sua mente, seu tempo e a sua biblioteca que recentemente foi inaugurada neste Centro, exibindo uma variedade gigante de temas, centenas de livros podem ser encontrados nestas duas línguas. Desde os escritores mais famosos e como também os menos emblemáticos, mas o certo é que há leitura para todos os gostos.

Entre idas e vindas a Portugal, carrega a responsabilidade de um nato influenciador do galego-português. Com várias formas de expressar estas

duas línguas importantes, desenvolve um excelente trabalho sob seu comando onde é dirigente, pode-se contar com visitas diversas de personalidades, entrevistas, documentários, palestras, comemorações importantes entre Galiza e Portugal, tal como a homenagem aos Mártires da Pátria, realizada todos os anos na Praça de Portugal, ali também comemora-se o dia mulher, sempre com uma personalidade rica de histórias para nos contar, com trajetórias marcantes para mulheres fascinantes.

Mas não fica por aí ... Bernardino está sempre criando laços, com uma cultura bastante diversa, é capaz de criar diversas ligações em prol da cultura luso-galaica.



- O galego, ainda não conseguiu se tornar uma língua mais falante em certas cidades da Galiza. Apesar de tantas lutas, porque?

Inda que na casa, os pais falen galego, na Crenche e no infantario os Mestres lhe falan en Castelan.

Ten que haber infantarios que tenham o galego como língua oficial para que cando os miudos chegen a adolescencia tenham normalizado o galego como língua común.

- Como considera, sendo Vigo uma das principais cidades da Galiza, não falar no seu todo a sua língua oficial?

Vigo e Unha cidade chamada de aluvião.

Creceu moi rapidamente en poucos anos.

Moita da xente que chegou a

Vigo non era galega, por exemplo os industrias das conservas, na sua maioria catalans.

Por iso a burguesia de Vigo non falaba na sua imensa maioria galego.

O galego, sobre todo na cidade de Vigo, está pouco presente pero noutras cidades como Lugo e Ourense está moito mais presente. E no rural falase a cotia.

- Isto também acontece na literatura, sendo nas escolas ou bibliotecas, nas músicas... Porque não há mais letras e vozes galegas, o que se passa?

Temos na Galiza editoriais que fan todo o seu trabalho em galego e son de capital galego, por exemplo en Vigo Nova Galicia, Ir Indo, Galaxia etc.

Estás editoriais fornecen as bibliotecas de libros en Galego.

E a biblioteca da Fundación

Penzol, no Centro de Vigo, tem basicamente libro galego.

Que debemos trabalhar mais para que tamem as escolas tenham bibliotecas de libros en Galego e ben certo, a Xunta e os concellos deben concienciarse e trabalhar para que así aconteza.

- E o Reintegracionismo?

O reintegracionismo foi un trabalho para atrair ao galego a órbita do Português.

Eu som mais partidario de normativizar a grafia sendo Unha só, pero cada quen co seu sotaque e os seus xeitos de falar, e as suas diferenças.

O idioma e un logo a grafia debe ser a mesma, e iso non acontece co reintegracionismo tanto respeito ao Português como ao galego.

Extraordinario trabalho de um fato de intelectuais e galeguistas,

xente do povo, que concorda coa profunda relação de Galiza e Portugal.

Inda que poda no concordar em todos os aspectos do movimento reintegracionista sinto um grande respeito tanto po-las pessoas como Po-lo seu trabalho.

- Como considera o intercâmbio do galego entre Galiza e Portugal? O que está bem e o que falta?

Eu som mais partidario de normativizar a grafia sendo Unha só, pero cada quen co seu sotaque e os seus xeitos de falar, e as suas diferenças.

Falta que as asociacions de base trabalhen axudandose unhas a outras. Nun xeito de confederação e que os poderes públicos axuden dende a base.

En Unha linha única do Algarve a Marinha Lucense.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Sergio Quiroga e Bárbara Álvarez | Fundador e bióloga de Ecocelta Galicia S.L.

"Con 20 anos de existencia, Ecocelta atopou un legado viable e sostible"

Creada en 2003 en Ponteareas, Ecocelta Galicia S.L. estase posicionando como unha referencia a nivel europeo en materia de

economía circular. Falamos co seu fundador Sergio Quiroga e coa bióloga Bárbara Álvarez.



Ecocelta acaba de chegar aos seus 20 anos. A empresa sempre apostou pola economía circular. Cómo estaba entón ese campo aquí en Galicia e qué futuro lle ven?

(Sergio Quiroga, SQ) Cando eu cheguei aquí aínda había vertedoiros. Non se tiña en conta a cuestión ambiental nin se lle daba valor aos residuos orgánicos. Aí foi cando valorei os meus 28 anos na Arxentina, onde se aproveitaba e se utilizaba todo probablemente por unha cuestión económica. Agora se lle chama economía circular pero entón era unha maneira de reciclar pura e dura. Aproveitaba os contenedores de madeira que se tiraban na Praza do Peixe; cando traballaba no parque forestal traía a madeira dos eucaliptos que quitábamos do bosque autóctono. Tamén percorría a maioría das cafeterías de Ponteareas recollendo o café que tiraban. Así que podo afirmar que

"En Ecocelta facemos un compost de alta calidade"

era 100% reciclado o nacemento e a filosofía de Ecocelta; naceu como un proxecto de economía circular porque se aproveitaba todo o que se tiraba, que é a nosa materia prima.

Cando comezamos ninguén sabía o que era a compostaxe; agora todos son gurús da compostaxe. Nos últimos anos vemos como en Europa nace o concepto de economía circular. Creo que é un momento para reflexionar. Empresas que fixeron economía lineal durante moitos anos agora son líderes en economía circular. Resulta estraño que nos anos 2006 ou 2007 non saíran adiante proxectos de economía circular e agora como hai diñeiro, como os fondos Next Generation, da Co-

munidade Europea todos fan economía circular e son ecolóxicos.

Despois de 20 anos o modelo de Ecocelta chegou a unha madurez. Veu nun momento determinado polas dificultades de ser emprendedor ambiental en Galicia pero tamén porque as normativas medioambientais a penas estaban establecidas e van modificando e condicionando a túa empresa cara derroteiros que non queríamos como ser xestor de residuos, unha palabra que non me interesa. Eu non considero as miñas materias prima como un residuo. A madurez pasa porque xa aceptamos as regras de xogo; non tirar a toalla pero saber qué é o que hai, o que te toca e innovar sobre esas bases.

(Bárbara Álvarez, BA) Cando Ecocelta creouse o obxectivo inicial era a produción de humus de lombriz. Era unha empresa de lombricultura. Para alimentar á lombriz as materias primas eran os estércoles de animais. Sergio observou que había unha necesidade de xestión do estércol sobre todo porque non existían superficies para levalo. Así comezou unha relación de sinerxia entre os gandeiros que precisaban dese espazo para levar o estércol e Ecocelta para elaborar humus de lombriz. Era un proceso de economía circular cos produtores locais que nese momento non se coñecía. Realmente somos o úl-

timo eslabón da cadea. Aquí chegan os estércoles que logo se elaboran nun abono con valor engadido e que é utilizado na horticoltura. Nós seleccionamos a materia prima que aquí chega, non traballamos con materiais envasados. Facemos un compost de alta calidade.

Ecocelta ten a patente para area de mascotas elaborada a partir do mexillón. Cómo está sendo a súa demanda no mercado?

(BA) Superou tódalas nosas expectativas. De feito estamos vendendo o produto no Supermercado Gadis. Comezamos o proxecto por casualidade; sempre dicimos que o pioneiro foi o noso gato, Chocolate, no marco dunha proba con concha de mexillón compostada. Vimos que aí había posibilidades para unha area de mascotas. Sergio probouno tamén cos seus gatos e notamos que lograba neutralizar o olor. É unha area totalmente natural e o maior valor que ten é a procedencia de produtores locais, toda vez os

que a utilizan están contribuíndo a que teña unha utilidade, ademais benéfica para o gato. Normalmente hai unha teoría que leva á práctica. Pero aquí foi ao revés: tras observar a reacción do gato comezamos a investigar que podía neutralizarse o olor grazas á acción do calcio sobre o pis do felino. E comezamos a atopar estudos que aseguraban que os olores marinos atraían aos animais.

(SQ) Co proxecto da concha de mexillón recibimos de Galicia un agasallo marabilloso. É unha materia prima que se estaba desaproveitando pero que tamén estaba xerando problemas de olores e vertidos así como de mal uso no chan, sen tratamento e como un fertilizante sen ser estudado agrónomamente, o cal é unha condea para a agricultura.

Para nós supuxo un desafío e custou moito estudo do que saíron tres patentes dende Ponteareas e Galicia e que estamos sendo recoñecidos a nivel mundial, como é no caso da area para mascotas a partir do mexillón. Podemos



¡PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13, Bajo, Porriño

986 331 410

633 601 257

segurosbugarin@gmail.com

Tu aseguradora de confianza en Porriño

ORGASERCO, S.L.

ORGANIZACION E ASESORAMENTO DE EMPRESAS

José Abrales Amil
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra)

Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

dicir que despois de 20 anos, Ecocelta ten conseguido cómo atopar un legado de ser a empresa que atopou unha solución viable e sostible para un residuo que non tiña precisamente ningún tipo de solución.

Xestionando toda a concha de mexillón de Galicia, unhas 100.000 toneladas, podemos substituír o 4% de toda a area que se utiliza anualmente en España. Se transformamos iso en area para gatos temos tres vantaxes medioambientais: eliminamos un residuo que se converte en algo moi útil; eliminamos a extracción da sepiolita, un mineral que vén fóra de España; e terceiro que unha vez compostado este produto de concha de mexillón pódese utilizar, xa que a sepiolita non se pode compostar. Por tanto podemos dicir que dende Ponteareas estamos facendo un grao de area para o planeta.

Hai vendas a outras partes de España e o exterior?

(BA) Principalmente en Galicia porque se vende no Gadis pero mais alá da nosa Comunidade Autónoma tense que mercar online. E no exterior na área de Benelux (Bélxica, Holanda e Luxemburgo) atopouse interese e estase iniciando a distribución nesa área.

(SQ) Chamou tanto a atención porque este método non se fai noutras parte do mundo. Estivemos reunidos con xente de Chile, que

"Queremos crear aquí en Galicia unha planta piloto para o 'método Ecocelta'"

ten un grave problema coa concha do mexillón igual que os de Benelux. Foi a observación da natureza o que levou atopar este coñecemento. Dende Madrid o Grupo IFA tamén amosou moito interese no noso produto.

A receptividade das institucións públicas e privadas ten sido positiva? Cres que é necesario avanzar aínda mais na sensibilización da economía circular?

(BA) Cremos que a día de hoxe existe sensibilización por parte dos organismos públicos. Actualmente a maioría da xente coñece a palabra compostaxe. Agora observamos que hai políticas que obrigan aos produtores a xestionar os residuos e que por iso estanse creando empresas de compostaxe. Con todo, aprendizaxe sempre fai falla. Cando se instalan os contenedores marróns un dos problemas é que as persoas moitas veces non saben separar e non só tiran residuos orgánicos. Outro dos problemas é a falta de lugares onde enviar eses residuos orgánicos e a importancia de facer unha boa separación, de facer un bo compost. Este é un proceso

longo de sensibilización pero vemos que xa se están avanzando cando menos nun paso.

(SQ) Fóra de Galicia e incluso de España valoran máis o que fixo Ecocelta. A patente a fixo Ecocelta e fíxose con técnicos de aquí, de Ponteareas, do Porriño; e todo iso sabendo a Administración Pública que este proxecto existía. Considero que colaboramos para a transformación ambiental dunha parte de Galicia. Non estamos obsesionados pero o recoñecemento terá que chegar nalgún momento.

Tamén penso que se debe aproveitar esta oportunidade para apoiar un proxecto que non está feito: crear unha planta piloto onde poder seguir investigando e mellorando un produto que está na súa fase inicial. Isto é un proxecto estratéxico que poda xestionar 20 ou 30.000 toneladas, entre 20 ou 30% do problema, e que estea ubicada nun sitio onde nos diga a Administración. Que aí se xere o que denominamos o "método Ecocelta": sacamos un fertilizante, o Celta Cal; un filtro biolóxico para purines do que nace o agropurín; e a area para gatos. Iso fai que o 100% do residuo do molusco sexa aproveitado.

Esta sería a planta pioneira en Europa e estaría en Galicia, non en Benelux ou Chile. Xestionar iso é case o 5% ou 10% dos fondos europeos que, por exemplo, se pediron para xestionar a concha en 2018. O noso proxecto andará en aproximadamente os 5 millóns de euros para xestionalo ben; xerará emprego e solucionará problemas ambientais. Se non se fai en Galicia se fará noutro sitio, por iso non imos deixalo morrer. Gostaría ir ante o Parlamento Europeo para crear conciencia desta oportunidade que se abre. **Ecocelta tamén é pioneiro en lombricultura forestal. En que se basea este método?**



Sergio Quiroga, fundador de Ecocelta.



Bárbara Álvarez, bióloga.

(BA) Dende fai 20 anos temos a explotación gandeira de lombrices, da que fumos pioneiros en Galicia, co obxectivo principal de mantelos limpos. Incluso Medio Rural da Xunta de Galicia mándanos xente para que lles expliquemos cómo teñen que facer para abrir unha explotación como a nosa. Ante as ameazas de incendios decidimos crear un cinturón verde ao redor de Ecocelta a través da compra de terreos anexos. E así criamos as lombrices debaixo dos carballos con condicións de humidades mais ou menos reguladas.

Recibiches un premio europeo polo proxecto Agropurín. Como foi o proceso para levalo a cabo?

(BA) Efectivamente, trátase da Mención Especial outorgada pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria cofinanciado polo Fondo

FEADER. O proxecto comezou no ano 2021 e foi a continuidade dun proxecto anterior (2015) para testar un sistema de depuración de purines. En 2021 presentouse para facer unha planta piloto para xestionar os purines de forma integral: por unha banda a parte sólida enviábase a vermicompostaxe e por outra parte facíamos unha depuración da parte máis líquida en diferentes fases, unha cun filtro técnico chamado Celta Caltek para neutralizar o purín que transforma o nitróxeno en nitrato cálcico; e logo a fase de depuración con plantas. Así depuramos o purín para poder utilizalo na súa fase final no rego e limpeza e poder aplicalo en máis hectáreas. Toda vez, o prezo para os gandeiros por metro cúbico é máis económico. É un método de economía circular totalmente exitoso para nós.



mimate
SALUD NATURAL & TÉS DEL MUNDO
www.mimatesaludnatural.com
Rúa Antonio Palacios, 36 - O PORRIÑO
Tel: 886 12 83 85 - Pedidos: 662 41 57 56

Dietsana
DIEÉTICA Y SALUD Desde 1992
986 337 684 C/. Cando, 15 O PORRIÑO
986 642 719 C/. Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

A BROA
CAFETERIA
Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

LOURIÑA

O PORRIÑO

Renovación do alumeado público

O Concello do Porriño xa puxo en marcha o proxecto de substitución do alumeado público do polígono residencial de Torneiros e parque Piñeiro. A primeira fase desta actuación xa está aprobada e contempla a renovación de 105 lámpadas por luminarias LED nas zonas peonís das fases II e III. Conta cun investimento de 40.000 euros ao abeiro dunha subvención do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia.

A intervención neste núcleo de vivendas, un dos que máis poboación concentra, é global e



non se limita a esta área. O Concello ten proxectada unha segunda actuación nas fases I e IV, onde

se instalarán 51 luminarias LED. Este proxecto supoñerá un investimento de máis de 34.000 euros.

Ampliacións da rede de saneamento en Cans e Budiño

A rede municipal de saneamento do Porriño conecta novas vivendas na parroquia de Cans. Trátase concretamente do núcleo de A Droza, no que se están a executar as obras de mellora do saneamento de fecais que permitirán conectar 9 vivendas que ata o de agora non dispoñen de acceso a este servizo.

Estes traballos, financiados con cargo ao Plan Concellos 22-23 da Deputación de Pontevedra, supoñen unha inversión de 102.073 euros que contempla tamén a mellora do asfaltado e saneamento en Covelo, na parroquia de Atios.

Por outra banda o Concello invertirá máis de 1 M de euros na conexión integral da parroquia de Budiño. Ás obras de extensión



da rede no Picouzo, que dará servizo a 29 vivendas e ao colexio, sumaranse as dos barrios de Benunes, Eiriz, Rozadas, e parte da Vacaría e Mantelle. En total, executaranse 4 km de rede e unhas 100 acometidas, o que permitirá

que máis de 300 veciños/as da parroquia dispoñan de conexión a este servizo. A inversión para levar a cabo estas actuacións ascende a 538.529 euros no caso de Benunes e 345.000 no de Sobral – Eiriz.

European RallySlot Legend



O Porriño acolleu a primeira proba en Galicia do Campionato Legend patrocinado pola marca SRC, que será puntuable por primeira vez

para o European RallySlot Legend, organizada polo Slot Club Porriño en colaboración co Concello. O Rally reuniu a máis de corenta pilotos galegos e portugueses.

V edición de "Galegas Dixitais"



O Concello do Porriño pon en marcha a quinta edición do programa de adquisición de competencias dixitais para mulleres, Galegas Dixitais. Nesta actividade formativa adquirirán competencias dixitais para o día a día, avanzadas

para a mellora da capacitación laboral e tamén para o emprendemento. As participantes recibirán un ordenador portátil gratis e o título acreditativo oficial. O programa desenvolverase nas instalacións de Porremprego, no Multiusos de Torneiros.

MMM Louriña denunciou cambios na marcha do 8M

Mediante comunicado, a Marcha Mundial das Mulleres da Louriña criticou que o Concello do Porriño imposibilitara a saída da manifestación do 8M dende a Praza do Concello no centro da

vila, razón pola que tivo que reorganizarse a súa saída dende a rotonda do Canteiro. Criticaron igualmente que xa no 8M e 25N de 2023 sucedera a mesma imposibilidade vía Delegación do Goberno

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Bolboreta
TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

PN Verónica Bastos

POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power_nutrition_asesoramientos

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasinga@hotmail.com

O PORRIÑO

Exposición "Achegas das Mulleres do Mar"

O Alcalde do Porriño Alejandro Lorenzo e o presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, inauguraron no colexio plurilingüe Antonio Palacios do Porriño a exposición "Achegas das mulleres á Sustentabilidade do Mar", enmarcada no programa de conmemoración do Día Internacional da Muller deste centro de Educación Primaria.

No acto tamén participaron a deputada provincial de Igualdade, Sandra Bastos; a profesora e investigadora, Tamara Amorín; e integrantes da comunidade educa-



tiva. López aproveitou para presentar ante o alumnado o Premio Boas Prácticas en Igualdade que

acaba de crear o organismo provincial con múltiples actividades en torno ao 8M.

Un Festival de Cans de récord

A XXI edición do Festival de Cans a celebrarse entre o 21 e o 25 de maio bateu o récord histórico de obras inscritas a concurso coas 261 presentadas a competición, o que supón un aumento do 13% con respecto ao número de curtas recibidas o pasado ano e rebasar a marca anterior máis alta, establecida no ano

2019 con 255 pezas.

As obras proceden de Madrid, Barcelona, Bilbao ou Valencia e países como Francia, Bélxica, Italia, Reino Unido, Portugal, Arxentina ou Venezuela. É significativo o aumento de obras en categorías de Non Ficción, de 32 a 50 obras, e Novas Camadas, a sección adicada aos cineastas

menores de 25 anos, que pasou de 20 a 37 obras inscritas. Tamén se inscribiron 55 obras de ficción, 85 videoclip e 19 no apartado de outras obras, entre as que están longametraxes, documentais e webseries. A categoría de animación recibiu 15 curtametraxes, o que supón a marca histórica do festival.

O histórico "Jaliñeiro" será o Kepa Junkera

A XXI edición do Festival de Cans a celebrarse en maio tributará unha homenaxe ao acordeonista vasco Kepa Junkera e faráo dun xeito singular: bautizando o histórico espazo do Jaliñeiro co seu nome. Junkera converterase deste xeito no pri-

meiro músico do mundo que teña un galiñeiro no seu honor.

Cans quere recoñecer deste xeito o impacto e a dimensión deste músico ao que un ictus sufrido en Bélxica en 2018, obrigouno a abandonar os escenarios. Junkera foi un dos artífices de darlle á música

tradicional unha proxeción universal, a partir do xeito virtuoso de tocar a súa trikitritxa. Kepa Junkera regresará a Cans dez anos despois da súa actuación memorable no Jaliñeiro en 2014, co seu disco "Galiza", onde centos de persoas o aclamaron polos camiños.

A Xunta participará no "Ano Palacios"



O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades Román Rodríguez presentou co alcalde do Porriño Alejandro Lorenzo as actividades enmarcadas no "Ano Palacios", unha programación que inclúe xornadas, roteiros, visitas e exposicións.

A axenda está dirixida a conmemorar o 150 aniversario do nacemento de Antonio Palacios, así como o centenario da Casa Consistorial do Porriño, obra do arquitecto. A rehabilitación do Templo de San Luís, actualmente en fase de licitación, será un dos fitos desta conmemoración.

Mos honra o legado das súas mulleres

O Concello de Mos conmemorou o 8M coa mesa 'Muller e liderado' protagonizada por mulleres que están en postos e responsabilidade en empresas afincadas en Mos, que xeran emprego e que se tiveron que abrir paso en sectores laborais e empresariais maioritariamente masculinos.

Elas son Águeda González, xerente de Tormeal, S.L., Arancha

Mañas, CEO de PMA NUTRIGAS, Begoña Pérez, xerente de Cartonajes Pérez e Carolina González, Directora Financieira de Bimba & Lola. A mesa estivo moderada pola consultora e ex directora do Programa Integrado de Emprego do Concello de Mos, Ana Concheiro. O día 9 realizouse a popular Cea da Muller no Pavillón Óscar Pereiro con máis de 400 persoas.

NUEVA PROMOCIÓN DE 40 VIVIENDAS EN LA ZONA ALTA DE PORRIÑO



PISOS DE 1, 2 Y 3
DORMITORIOS

inmonova

Telf. 647 420 321

Rúa Antonio Palacios, 40 - PORRIÑO
www.inmonova.es

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

MS renova a súa Xunta Coordinadora

Agrupación de Electores Movemento Salceda (MS) celebrou a súa Asemblea Ordinaria para renovar os seus cargos directivos. Javier Alonso é o novo Coordinador Xeral de Movemento Salceda, un cargo que a Agrupación reserva sempre para persoas externas ao equipo de goberno. Os concelleiros Marcos Troncoso e Álex Rodríguez, e a concelleira Se-lene González entran tamén nesta Xunta Coordinadora, amais de outras persoas que formaron parte dos anteriores gobernos como Lucía Pereira, Tere Pérez, Fortunato Álvarez, Miguel González, Carla Pérez ou o exalcalde Marcos Besada. O anterior Coordinador Xeral,



Enrique Besada, pasa a ocupar o posto de Vicecoordinador Xeral. Mantén MS a súa tradición de non incorporar á persoa que ostenta a Alcaldía na Xunta Coordinadora, neste caso Loli Casti-

ñeira, que traballará da man de Javier Alonso. A Xunta Coordinadora complétase con persoas que formaron parte da última candidatura nas eleccións municipais de 2023.

Renuncia da edil socialista Ángela Ledo Souto

Allegando motivos persoais, o pasado 2 de febreiro formalizou a súa renuncia como concelleira a edil Ángela Ledo Souto (PSdeG-PSOE) en escrito enviado ante a Alcaldesa Loli Castiñeira. Ledo

Souto viña exercendo o cargo de concelleira dende a constitución da Corporación Municipal o pasado 17 de xuño de 2023. En novembro pasado xa formalizara a súa renuncia ante o comité orgánico municipal.

Mellora do CRA Raíña Aragonta



O Concello visitou as 7 escolas unitarias de Salceda para facer un plan integral de mellora dos es-

pazos de xogo exteriores. A proposta realizouse en conxunto co equipo directivo do CRA Raíña Aragonta.

PSOE Salceda critica a "falta de avance" no pleno municipal

O grupo municipal socialista de Salceda de Caselas criticou a falta de avance por parte do goberno no último pleno de febreiro en relación a aspectos importantes como a subida do IBI, a reforma do aula de Budiño, a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito, o denominado "catastrazo" e o levantamento de sesión por parte da Alcaldesa ante a moción conxunta con motivo do 8M.



O PP de Salceda rexeita a suba do IBI

O grupo municipal do PP de Salceda liderou o rexeitamento á suba do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) nun 25% proposto pola Alcaldesa, Dolores Castiñeira no que o cambio do tipo impositivo desde o 0,4 ao 0,5 que pretendía o goberno local non foi

aprobado no pleno municipal cos votos negativos de PP e BNG e a abstención do PSOE.

O PP criticou tamén a postura da Alcaldesa por vencellar a suba salarial das traballadoras do Servizo de Atención no Fogar (SAF) a que se aprobara o incremento

do IBI nun 25%. Tamén denunciou que a rexedora retirou da orde do día a súa proposta de bonificacións para o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (Pusvalía), unha medida coa que os populares están en desacordo.

Exposición sobre os concursos de fotografía



Durante o mes de marzo, na Praza do Concello exhibe a exposición fotográfica dos Con-

curso de Fotografía realizados polo 25N, Día Internacional contra a Violencia Machista.

sernel
copistería - papelería - librería

Rafael Tilve Adrio, 8 - baixo
Tlf/ fax: 986 347 246 - Salceda de Caselas
www.sernel.es - info@sernel.es

Citania
MOBLES

Rúa Victoriano Pérez Vidal, 13 - Telf: 986 340 606 - Salceda de Caselas

Zapatitos

Telf: 604 094 835
Avda. de Galicia, Nº4 Bajo2
36470 SALCEDA DE CASELAS

Zapall@salceda

A Deputación promove a Balaídos como sede do Mundial 2030

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, fixo público o compromiso do organismo provincial para conseguir que o estadio de Balaídos en Vigo sexa unha das sedes do mundial de fútbol do ano 2030 que organizan de forma conxunta España, Portugal e Marrocos.

A Deputación participou nunha reunión de traballo con representantes da Real Federación Española de Fútbol, da Federación Galega de Fútbol, do Real Club Celta de Vigo, da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo para traballar na candidatura de Balaídos.



60.000€ para Erasmus+ 2023

A Deputación de Pontevedra destinará ata 63.177 euros para que 14 graduados en ciclos medios de FP da provincia poidan realizar prácticas laborais en empresas e institucións europeas no marco da mobilidade do programa Erasmus+ 2023, que conta cun orzamento total de 1,4

millóns de euros, dos que o SEPIE (o Servizo Español para a Internacionalización da Educación) aporta 1,2 M€.

Estes estudantes comezarán as súas prácticas europeas nos meses de marzo en Portugal, Italia, Malta, Irlanda e República Checa. En concreto, trátase de alumnos

do IES Francisco Asorey de Cambados, tres do IGafa na Illa de Arousa, dous do IES Indalecio Pérez Tizón de Tui, un do IES Pedro Florianí de Redondela, dous do IES A Xunqueira I de Pontevedra e un do IES Armando Cotarelo Valledor de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta impulsa o emprego xuvenil en InCampus

A directora xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, Margarita Ardao, participou na apertura da Feira de Emprego InCampus da UVigo que permite coñecer os perfís profesionais que están a demandar máis dun cento de entidades de diversos sectores e, ás persoas

interesadas, contactar directamente cos responsables dos procesos de selección.

Referiuse tamén ao programa Galicia Emprega, con 17,5 millóns de euros, para incentivar a contratación das persoas desempregadas nas empresas galegas, cunha liña específica para os máis

novos con apoios base de 6.000 euros. Tamén tivo palabras de agradecemento á Rede Eures Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal, tamén presente na Feira, que con máis de 25 anos de traxectoria, traballa por un mercado laboral aberto, accesible e sen fronteiras.

Convenio para prevención de incendios forestais



O conselleiro do Medio Rural en funcións, José González, acompañado do director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, e do presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, asinaron un protocolo anual de colaboración para a prevención de incendios forestais na provincia dotado con 600.000 euros que serán aportados, a partes iguais, pola Xunta e o organismo provincial. Está igualmente pen-

dente un novo protocolo de colaboración coas Deputacións de Lugo e Ourense.

Por outra banda, a Deputación de Pontevedra abriu o prazo para optar ás axudas para a edición de obras en galego de difusión cultural dotadas, neste 2024, cun orzamento de 90.000 euros. A convocatoria está dirixida a entidades sen ánimo de lucro que poderán recibir ata 12.000 euros e o prazo de solicitude permanecerá aberto ata o 26 de marzo.

1,7M€ para contratación de persoal e novos investimentos

No marco do Plan +Provincia, a Deputación de Pontevedra aprobou destinar preto de 1,7 millóns de euros para que os Concellos de Gondomar, A Guarda, Meis, Mos,

Ponte Caldelas, Pontearreas, O Porriño, Redondela, Salvaterra e Vilanova de Arousa contraten a 101 persoas, afronten gasto corrente e impulsen novos investimentos.



Alfonso Rueda.
PP



Ana Pontón
BNG



J. Ramón G. Besteiro
PSOE



Marta Lois
Sumar

RESULTADOS ELECCIÓN AUTONÓMICAS NO CONDADO-PARADANTA

O PP comandou a votación nos 9 Concellos da comarca con 13.767 sufraxios, seguido moi perto polo BNG (10.277); unha diferenza que foi moi axustada en Pontearreas, Salvaterra de Miño e Mondariz Balneario. PSOE quedou en 3.372 votos e SUMAR en 764.

Arbo: PP (1.042 votos); BNG (399); PSOE (173); Pum+J (65)

A Cañiza: PP (1.551); BNG (625); PSOE (390); VOX (60)

As Neves: PP (1.134); BNG (694); PSOE (271); SUMAR (55)

Crecente: PP (864); BNG (250); PSOE (137); SUMAR (139); SUMAR (25)

Mondariz: PP (1.190); BNG (835); PSOE (324); SUMAR (138)

Mondariz Balneario: PP (184); BNG (179); PSOE (30); VOX (13)

Pontearreas: PP (4.990); BNG (4.809); PSOE (1.426); SUMAR (368)

O Covelo: PP (660); BNG (416); PSOE (137); VOX (35)

Salvaterra de Miño: PP (2.152); BNG (2.070); PSOE (842); VOX (151)

RESULTADOS ELECCIÓN AUTONÓMICAS NA LOURIÑA

O PP gañou nos tres Concellos cun total 11.322 votos. O BNG consolidouse como a segunda forza política comarcal con 8.771 votos. PSOE (2.756) e SUMAR (602)

Mos: PP (3.816); BNG (3204); PSOE (1.179); VOX (184)

O Porriño: PP (5.139); BNG (3.886); PSOE (1.132); SUMAR (278)

Salceda de Caselas: PP (2.367); BNG (1.821); PSOE (445); SUMAR (141)

RESULTADOS ELECCIÓN AUTONÓMICAS NO BAIXO MIÑO

Liderado do PP nos cinco Concellos con 13.079 votos; BNG segunda forza comarcal con 10.443. PSOE (2.883) e VOX (674)

A Guarda: PP (2.583); BNG (2.125); PSOE (631); SUMAR (99)

Oia: PP (937); BNG (541); PSOE (342); SUMAR (50)

O Rosal: PP (1.608); BNG (1.505); PSOE (348); SUMAR (86)

Tomiño: PP (3.292); BNG (3.049); PSOE (685); VOX (210)

Tui: PP (4.659); BNG (3.233); PSOE (968); VOX (265)

RESULTADOS ELECCIÓN AUTONÓMICAS EN VAL MIÑOR

O PP triunfou nos tres Concellos alcanzando os 12.090 votos. BNG segunda forza comarcal con 7.726. PSOE (3.441) e SUMAR (706)

Baiona: PP (3.447); BNG (2.103); PSOE (863); SUMAR (226)

Nigrán: PP (4.804); BNG (3.023); PSOE (1.415); VOX (253)

Gondomar: PP (3.839); BNG (2.600); PSOE (1.173); SUMAR (238)

GALICIA

Nas eleccións autonómicas celebradas o pasado 18 de febreiro, o actual presidente en funcións da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda (PPdeG) confirmou a hexemonía do seu partido conquistando a quinta maioría absoluta consecutiva, un feito histórico que abre unha etapa política post-Feijóo na Xunta de Galicia para o período 2024-2028. O BNG liderado por Ana Pontón alcanzou

tamén un resultado histórico, confirmándose como a principal alternativa opositora. Destaca o descalabro electoral do PSdeG-PSOE, cosechando o seu peor re-

sultado histórico en eleccións autonómicas galegas. Outro feito relevante foi o ingreso de Democracia Ourenzá no Parlamento galego. O voto da emigración no

Consello de Españóis Residentes Ausentes (CERA) confirmou os resultados anteriormente sinalados. Sumar Galicia, VOX e Podemos Galicia non lograron repre-

sentación parlamentaria. A participación electoral acadou o 67,30%.

Dos 75 deputados que conforman a Cámara galega, un total de 39 estréanse co respecto á composición do período anterior: polo PPdeG serán 17 novos deputados; polo BNG son 10; e PSdeG-PSOE con 7, ademais do estreo do deputado de DO. En total o Parlamento estará composto por 39 mulleres e 36 homes.

Eleccións ao Parlamento de Galicia 2024



Diego Calvo
PP A Coruña



Paula Prado
PP A Coruña



Ángeles Vázquez
PP A Coruña



Martina Aneiros
PP A Coruña



Borja Vereja
PP A Coruña



Ethel Vázquez
PP A Coruña



Fabiola García
PP A Coruña



Miguel Corgos
PP A Coruña



María Jesús Lorenzana
PP A Coruña



Gonzalo Trenor
PP A Coruña



Roberto Rodríguez
PP A Coruña



Carmen Pomar
PP A Coruña



Rubén Lorenzo
PP A Coruña



Elena Candia
PP Lugo



Javier Arias
PP Lugo



Alfonso Villares
PP Lugo



Cristina Sanz
PP Lugo



José Manuel Mato
PP Lugo



Raquel Arias
PP Lugo



José Manuel Balseiro
PP Lugo



Enrique Barreiro
PP Lugo



Elena Rivo
PP Ourense



Victoria Núñez
PP Ourense



José González
PP Ourense



Miguel A. Santalices
PP Ourense



Gabriel Alén
PP Ourense



Noelia Pérez
PP Ourense



Antonio R. Miranda
PP Ourense



Marisol Díaz Mouteira
PP Ourense



Alfonso Rueda
PP Pontevedra



Patricia García
PP Pontevedra



María Martínez Allegue
PP Pontevedra



Román Rodríguez
PP Pontevedra



Julio García Comesaña
PP Pontevedra



José Alberto Pazos
PP Pontevedra

Eleccións ao Parlamento de Galicia 2024

 Raúl Santamaría PP Pontevedra	 Marta Mariño PP Pontevedra	 Dolores Hermelo PP Pontevedra	 María Deza PP Pontevedra	 José Balseiros PP Pontevedra	 Ana Pontón BNG A Coruña	 Mercedes Queixas BNG A Coruña
 Rosana Pérez BNG A Coruña	 Ramón Fernández BNG A Coruña	 José Daniel Pérez BNG A Coruña	 Iria Carreira BNG A Coruña	 Óscar Insua BNG A Coruña	 Iria Taibo BNG A Coruña	 Xosé Manuel Golpe BNG A Coruña
 Olalla Rodil BNG Lugo	 Daniel Castro BNG Lugo	 Montserrat Valcárcel BNG Lugo	 Iago Suárez BNG Lugo	 Noa Presas BNG Ourense	 Iago Tabares BNG Ourense	 Sonia Vidal BNG Ourense
 Secundino Fernández BNG Ourense	 Luís Bará BNG Pontevedra	 Monste Prado BNG Pontevedra	 Alexandra Fernández BNG Pontevedra	 Paulo Ríos BNG Pontevedra	 Carmela González BNG Pontevedra	 Cristina F. Davila BNG Pontevedra
 Braís Ruanova BNG Pontevedra	 Ariadna Fernández BNG Pontevedra	 Patricia Iglesias PSOE A Coruña	 Julio Abalde PSOE A Coruña	 Silvia Longueira PSOE A Coruña	 J. Ramón G. Besteiro PSOE Lugo	 Lara Méndez PSOE Lugo
 Carmen R. Dacosta PSOE Ourense	 Elena Espinosa PSOE Pontevedra	 Carlos López Font PSOE Pontevedra	 Paloma Castro PSOE Pontevedra	 Armando Ojea Vilar Democracia Ourensá		

Exposición sobre o retorno dos restos de Castelao

O Museo de Pontevedra inaugurou o 7 de marzo o programa expositivo de 2024 coa mostra 'Castelao: o retorno a Galicia, 1984. Xan Carballa, fotografías'. Esta exposición de 52 fotografías e que conmemora o 40 aniversario da chegada a Galicia dos restos mortais de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, artéllase arredor da crónica fotográfica daquel 24 de xuño de 1984 realizada polo fotógrafo e xornalista Xan Carballa.

A exposición incorpora tamén obra artística de Castelao, fotografías, documentación e prensa



da época para contextualizar os anos de exilio en EEUU, Cuba e Arxentina. A exposición estará ata o 2 de xuño.

Deputación e UVigo exploran vías de colaboración



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, mantivo un encontro de traballo co reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, para analizar novas vías de cooperación entre ambos os organismos, avaliar

os programas en marcha e estudar plans de futuro de interese mutuo en eidos como a igualdade, benestar social, fomento do emprego, normalización lingüística ou cultura, formación e a apertura da UVigo cara a cidadanía.

Simposio "Antonio Palacios. Obra e legado"

Pontevedra organizará o simposio 'Antonio Palacios. Obra e legado', que se celebrará do 4 ao 6 de abril. Máis de 20 arquitectos, investigadores e especialistas na figura de Palacios procedentes de universidades, museos e outras entidades de toda España, achegarán diferentes perspectivas sobre a modernidade da obra do arquitecto porriñés e o seu impacto no patrimonio galego e madrileño.

O simposio é organizado polo



Museo de Pontevedra e a USC. Tamén contempla visitar as obras do arquitecto porriñés no Porriño, Vigo, Baiona, Nigrán e Mondariz.

Por outra banda, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acaba de aprobar a prorroga do contrato para continuar prestando o servizo para a implantación e desenvolvemento do Sistema Integral de Calidade Turística en Destinos (SICTED), cun orzamento próximo aos 240.000 euros.

Un feminismo galego solidario coas mulleres palestinas



A Asociación Galiza por Palestina reafirmou mediante comunicado o seu compromiso coas mulleres palestinas na conmemoración deste 8M, agradecendo o apoio da Executiva Confederal da CIG e da Marcha Mundial das Mulleres. Na concentración en Santiago de Compostela participaron dúas mulleres palestinas, Rawan Abdallah e Sara Ashour, representantes da Asociación Galaico Árabe Jenin.

Segundo datos da Asociación

Addameer, organización que da apoio ás presas e presos políticos na Palestina, o 2024 é o ano máis mortífero para as mulleres palestinas. A cifra total de vítimas mortais ascende a máis de 30.600 e o 70% son mulleres e crianzas e delas máis de 12.000 son mulleres. Ademais, documentan arredor de 240 casos de detención de mulleres de Cisjordania, Xerusalén ocupada e os territorios ocupados desde o 7 de outubro. Denunciaron tamén o silencio respecto ás presas en Gazada.

En marcha o I Plan Estratéxico de Xuventude

A Deputación de Pontevedra presentou aos Concellos da provincia as liñas mestras do seu novo servizo de Xuventude e Reto Demográfico, en funcionamento este 2024 baixo o liderado de Jorge Cubela.

Entre as iniciativas impulsadas destacan un estudo da normativa, os Premios Provinciais á Xuven-

tude, o Ciclo de conferencias Aida Fernández Ríos, o Plan +Xuventude e elaboración do I Plan Estratéxico de Xuventude da provincia como eixo central de acción das políticas xuvenís que a Deputación vai impulsar nos próximos anos. Outras iniciativas son a equiparación de locais xuvenís de titularidade municipal;

liñas de axudas para ANPAS e centros educativos públicos para organizar excursións a granxas escolas; o programa de Semanas Brancas; acceso á vivenda no rural; actividades extraescolares para Primaria e Secundaria; loita contra a fenda dixital e programas para a saúde mental da mocidade.

Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Manolo
 RESTAURANTE

Teléfono 986333404
 info@restaurantemanolo.es
 Antonio Palacios 101
 A52 - Salida 305 - PORRIÑO